



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

# INFORME SOBRE AFILIACIÓN S Á SEGURIDADE SOCIAL

**Afiliación s medias xuño 2017**

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2017

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## 1.- Información xeral

O número medio de afiliacións<sup>1</sup> ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de xuño deste ano 2017 acadou a cifra de 979.878 para o total do sistema, o que supón un incremento respecto ao pasado mes de maio de 8.574 afiliacións (un 0,88%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 18.433.107, rexistrando un incremento do 0,48% con respecto a maio de 2017.

Na comparativa interanual (xuño de 2017 con xuño de 2016) obsérvase un incremento de 21.950 afiliacións no total do sistema en Galicia (un 2,29%), e un incremento do 3,79% (672.836 afiliacións) no conxunto estatal.

Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de maio de 2017 todas as comunidades autónomas presentan taxas intermensuais positivas agás: Andalucía, Murcia, La Rioja e Navarra. Destacan polo seu comportamento positivo Baleares (4,58%) e Castilla La Mancha (2,07%) seguidas, aínda que xa con crecementos máis moderados, de: Extremadura, Aragón, Cantabria e Cataluña.

En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior todas as comunidades amosan taxas positivas. Os maiores incrementos atopámoslos en: Baleares, Canarias, Murcia, Comunidad Valenciana, Andalucía, Cataluña, Aragón e Madrid (todas elas con taxas por riba do 3%). A taxa de variación relativa interanual máis baixa é a de Castilla y León (1,9%) facendo así que a do conxunto do estado presente un valor positivo do 3,79%.


**Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS**

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA XUÑO 2017	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
<b>España</b>	<b>18.433.107</b>	<b>87.693</b>	<b>0,48</b>	<b>672.836</b>	<b>3,79</b>
<b>Galicia</b>	<b>979.878</b>	<b>8.574</b>	<b>0,88</b>	<b>21.950</b>	<b>2,29</b>
Andalucía	2.970.125	-26.829	-0,90	125.868	4,43
Aragón	561.699	7.320	1,32	21.387	3,96
Asturias	360.807	2.524	0,70	7.981	2,26
Baleares	550.208	24.093	4,58	29.748	5,72
Canarias	760.214	1.445	0,19	40.632	5,65
Cantabria	211.018	2.380	1,14	4.506	2,18
Castilla La Mancha	677.210	13.740	2,07	15.992	2,42
Castilla y León	900.820	8.555	0,96	16.894	1,91
Cataluña	3.329.828	33.474	1,02	133.381	4,17
Comunidad Valenciana	1.786.872	3.203	0,18	79.516	4,66
Extremadura	391.416	5.373	1,39	10.174	2,67
Madrid	3.013.410	6.873	0,23	107.526	3,70
Murcia	566.668	-4.033	-0,71	27.094	5,02
Navarra	271.532	-291	-0,11	6.369	2,40
País Vasco	933.445	1.651	0,18	20.123	2,20
La Rioja	125.241	-388	-0,31	2.982	2,44
Ceuta e Melilla	42.715	29	0,07	712	1,70

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

1

O Ministerio de Trabajo e Inmigración dende o informe de xullo de 2008 tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



## 2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto ao mesmo mes do ano pasado nas catro provincias galegas. Pontevedra é a provincia que presenta o maior incremento interanual nas afiliacións cunha taxa de variación do 2,86%, o que supón 9.428 afiliacións máis, seguida de A Coruña, cunha taxa interanual do 2,35%, e Lugo (1,35%). A provincia con menor incremento relativo é Ourense, onde se rexistraron 1.297 afiliacións máis que en xuño de 2016, un incremento relativo do 1,30%.

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de xuño con respecto ás do pasado mes de maio de 2017, rexistrouse un incremento en Galicia do 0,88%. As catro provincias galegas amosan uns datos positivos sendo Pontevedra cunha taxa de 1,33% e 4.456 afiliacións máis a que reflexa un mellor comportamento.

**Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS**

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA XUÑO 2017	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	419.466	2.435	0,58	9.626	2,35
LUGO	120.061	1.036	0,87	1.599	1,35
OURENSE	100.800	647	0,65	1.297	1,30
PONTEVEDRA	339.551	4.456	1,33	9.428	2,86
<b>GALICIA</b>	<b>979.878</b>	<b>8.574</b>	<b>0,88</b>	<b>21.950</b>	<b>2,29</b>
<b>ESPAÑA</b>	<b>18.433.107</b>	<b>87.693</b>	<b>0,48</b>	<b>672.836</b>	<b>3,79</b>


Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

### 3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 75,9% das afiliacións galegas en xuño de 2017, aumentaron un 1,12% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un incremento do 3,23%. En España estas taxas foron do 0,51% con respecto a maio de 2017 e do 4,44% en relación ao mes de xuño de 2016. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (69,1%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos todas as provincias galegas amosan taxas de crecemento interanuais negativas. O descenso medio da comunidade galega situouse no -0,73% sendo Lugo a que amosa o peor comportamento cunha taxa negativa do -1,69%. Para este réxime e con respecto ao mes pasado, estas taxas son nembargante positivas nas catro provincias galegas e temos así unha taxa do 0,19% para o conxunto de Galicia. A taxa nacional para este réxime presenta tamén variacións positivas con respecto a maio de 2017 (0,29%) e con respecto a xuño de 2016 (0,90%).

No que respecta ao réxime especial do mar, as taxas con respecto a xuño de 2016 son positivas para Lugo e Pontevedra mais A Coruña amosa unha taxa do -0,12%. Ocorre algo semellante coas taxas intermensuais, que son negativas para A Coruña e Pontevedra mais temos un dato positivo para Lugo cunha taxa de variación do 0,52%. A taxa galega é así negativa (-0,40%) amosando un descenso con respecto ao pasado mes de maio e un incremento do 1,18% se a comparación se realiza con xuño de 2016.




Fonte: Ministerio de Empleo y seguridad Social

**Cadro 3.- AFILIACIÓNS POR RÉXIMES E PROVINCIAS**

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA DE XUÑO 2017	VARIACIÓNS RELATIVAS	
		MES ANTERIOR	INTERANUAL
<b>TOTAL SISTEMA</b>			
A CORUÑA	419.466	0,58	2,35
LUGO	120.061	0,87	1,35
OURENSE	100.800	0,65	1,30
PONTEVEDRA	339.551	1,33	2,86
GALICIA	979.878	0,88	2,29
ESPAÑA	18.433.107	0,48	3,79
<b>R. XERAL</b>			
A CORUÑA	326.643	0,72	3,26
LUGO	82.940	1,23	2,70
OURENSE	75.441	0,81	2,05
PONTEVEDRA	258.405	1,69	3,72
GALICIA	743.429	1,12	3,23
ESPAÑA	15.125.719	0,51	4,44
<b>R. ESPECIAL AUTÓNOMOS</b>			
A CORUÑA	87.094	0,14	-0,79
LUGO	35.566	0,06	-1,69
OURENSE	25.359	0,15	-0,85
PONTEVEDRA	67.544	0,34	-0,09
GALICIA	215.563	0,19	-0,73
ESPAÑA	3.238.410	0,29	0,90
<b>R. ESPECIAL DO MAR</b>			
A CORUÑA	5.729	-0,30	-0,12
LUGO	1.555	0,52	1,63
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	13.602	-0,55	1,68
GALICIA	20.886	-0,40	1,18
ESPAÑA	66.323	1,97	2,07

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

#### 4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

## Notas metodolóxicas

**Traballadores afiliados:** a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á “Tesorería General de la Seguridad Social” e ao “Instituto Social de la Marina”. A explotación é efectuada pola “Gerencia de Informática de la Seguridad Social”.

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.mtas.es>